

## **CONDICIÓN PARA A PARTICIPACIÓN NA “VIAXE CULTURAL A GRECIA” 2025**

Poderá participar na Viaxe Cultural a Grecia, prevista para marzo de 2025, o alumnado matriculado en 1º de BAC no IES Francisco Aguiar de Betanzos no curso 2024-2025 que non presente ningún parte por conduta contraria ás normas de convivencia ata a realización da mesma. **De non cumprirse algunha destas condicións, causará baixa na viaxe**, sendo o Equipo Directivo, xunto co profesorado acompañante os que tomen a última decisión ao respecto. Nese caso, terá dereito á devolución do adiantado, descontando as penalizacións derivadas da cancelación das habitacións, do bus e/ou doutras actividades.

### **PROTOCOLO DE CONDUCTA PARA A VIAXE CULTURAL A GRECIA**


Ao ser unha actividade organizada polo instituto, rexerán as Normas de Organización e Funcionamento (NOF) de centro. No caso de incumprimento por parte do alumno/a e que o seu comportamento incidira negativamente no desenvolvemento da viaxe ou perturbara a convivencia dos demais alumnos desatendendo as instrucións dos profesores/as, **será enviado/a de volta a Betanzos facéndose cargo a familia dos gastos que ocasionase.**

#### **Normas Xerais**

1. **O alumno seguirá sempre as indicacións** do profesor ou profesora responsables: eles son os que marcan o que se pode ou non se pode facer.
2. Será **obrigatoria a asistencia a tódalas actividades** programadas respectando o horario marcado no programa.
3. Ninguén fará plans pola súa conta, permanecerase **sempre en grupo**. Se alguén necesita facer algo determinado, comunicarao aos profesores acompañantes.
4. Respectaranse os **horarios e puntos de encontro**.
5. Será imprescindible amosar **educación e respecto** en todo momento e con todas as persoas, pois tendo en conta que o alumnado forma parte da comunidade do IES Francisco Aguiar, a imaxe da institución será valorada ou criticada segundo sexa o seu comportamento.
6. Está terminantemente **prohibido**:
  - a. A adquisición, consumo ou posesión de **alcohol e de calquera droga**.
  - b. O alugueiro ou condución de calquera tipo de vehículo.
  - c. **A saída do aloxamento sen autorización**.
  - d. Fumar.
  - e. Levar ao cuarto persoas que sexan alleas á excursión.
  - f. As **condutas escandalosas** (gritos, pelexas, chamar a atención en espazos públicos...).
  - g. **O furto** de calquera propiedade allea.
  - h. Estragar, alterar ou danar o mobiliario da habitación do aloxamento nin doutras instalacións.

Asdo.: O pai/nai/titor legal

Asdo.: O alumno/a



## No Aloxamento

7. Cando cheguen ao cuarto por primeira vez, compre revísalo ben e notificarlle ao profesor/a se hai algún deterioro; en caso contrario, eles serán os responsables e a súa reparación correrá ao seu cargo.
8. Téñense que cumprir as **normas xerais que rexen no aloxamento**: nel alóxanse moitas máis persoas que os nosos estudantes, moitas veces familias.
9. As **noites** son para descansar; profesores e alumnos necesitan durmir; por iso, unha vez que nos retiremos aos cuartos, hai que respectar o descanso de todo o mundo.

## ALUMNO/A

Eu, \_\_\_\_\_, **alumno/a** de 1º de BAC do IES Francisco Aguiar de Betanzos, coñezo e acepto as condicións para participar na Viaxe Cultural a Grecia do próximo marzo de 2025 e comprométome a cumprir as normas de conduta, asumindo as posibles consecuencias derivadas do seu incumprimento.

Betanzos, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024.

\_\_\_\_\_  
Asdo.: O alumno/a

## PAI/NAI/TITOR

D./Dna. \_\_\_\_\_, **pai/nai/titor legal** do alumno/a \_\_\_\_\_ de 1º BAC

## AUTORÍZOO/A

a que participe na Viaxe Cultural a Grecia, prevista para marzo de 2025 e declaro coñecer e aceptar o compromiso adquirido polo meu fillo/a ao asinar as condicións para a participación, así como o protocolo de conduta durante a viaxe. No caso de causar baixa voluntaria ou involuntaria na actividade, recibirei o a adiantado, descontando as penalizacións derivadas da cancelación das habitacións, do bus e/ou doutras actividades.

Betanzos, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024.

\_\_\_\_\_  
Asdo.: O pai/nai/titor legal